- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos, e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.</li> <li>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).</li> <li>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.</li> <li>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> <li>- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	MA VIE SOCIALE	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	Identificar o esencial e os puntos relevantes en textos do seu interese	PE	23
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	Producir textos adecuados a unha situación		
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar textos coherentes e cohesionados sobre temas próximos ós seus intereses		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios relacionados con situacións educativas ou administrativas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Aplicar estratexias para redactar textos adecuados a un fin determinado		
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	Comprender situacións de comunicación oral e escrita		
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Aplicar estratexias e recursos para comprender textos orais e escritos		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos que se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Comprender textos narrativos e expositivos do seu interese	TI	77
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Buscar información para investigar sobre temas de interese educativo		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os que teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Expresar textos orais previamente preparados		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá, e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Interactuar en situacións relacionadas coa vida cotiá a través de varios soportes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar sen que as súas vacilacións impidan a comunicación		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interactuar aplicando axustes á mensaxe dirixida ó destinatario		
CA1.14 - Utilizar, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Iniciar e manter unha comunicación		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar coñecementos previos e outros recursos para compensar carencias lingüísticas		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Respectar o erro e valoralo como axuda		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir información aínda que sexa usando palabras soltas ou elementos non lingüísticos		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento no seu entorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Simplificar mensaxes para solucionar problemas de comprensión		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.	Argumentar semellanzas e diferenzas entre o francés a lingua propia		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Producir textos inferindo significados a través do coñecemento doutras linguas		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Identificar progresos e dificultades na aprendizaxe		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Valorar adquisición de competencias plurilingües		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos sobre temas transversais en varias linguas		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Mostrar empatía e respecto en situacións interculturais		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Criticar reflexionando para adquirir valores de igualdade e inclusión fronte á diversidade		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Valorar o plurilingüismo		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar a diversidade cultural		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Valorar a Francofonía como fonte de riqueza cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados.</li> </ul>

## Contidos

- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais).
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedade (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais.
- Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos, e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.).

## Contidos

- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- **METODOLOXÍA ACTIVA:** nas clases dunha lingua estranxeira esíxese unha atención constante e unha participación especial, pois trátase dunha comunicación multidireccional. O profesorado está requirindo en todo momento a participación do alumnado. Dado que o número de alumnos é de 5, resulta doado manter este grao de implicación. Pero tamén é verdade que todos eles, dentro das diferentes posibilidades de cada un, están motivados e interesados. Isto tense moi en conta ó longo de toda a avaliación.

- **DESTREZAS:** tanto nas sesións de clase como no traballo na casa, trátanse TODAS as destrezas.

Comprensión oral

Comprensión escrita

Produción oral

Produción escrita

A Participación na clase é posible a diario de todos eles en cada unha das destrezas grazas a que contamos cun número reducido de alumnos

- **REFLEXIÓN E PENSAMENTO CRÍTICO**

Fomentámolo a través de pequenos debates sobre temas concretos dentro do contexto de cada explicación correspondente a cada unha das leccións correspondentes a cada unha das 8 UNIDADES que completan curso de 1º BAC.

- **VALORES TRANSVERSAIS**

Dentro do estudo dunha lingua onde ningún tema nos é alleo, sería imposible non tocar cada un dos valores transversais que consideramos deben estar presentes na formación dos nosos adolescentes como persoas do seu tempo e dentro dun contexto multicultural e plurilingüe, xa non só como estudantes dunha lingua que lles abre a porta a un multiculturalismo importante como é a Francophonie, senón tamén porque no propio grupo da clase, hai persoas de distintas orixes culturais e lingüísticas, procedentes de países non só distantes xeograficamente senón tamén cunha civilización diferente. De aí , o interese en incidir no respecto, na empatía , na valoración da diversidade como maneira de enriquecemento cultural mútuo.

- Educación para a convivencia: tolerancia e cooperación entre as persoas

- Educación moral e cívica: toma de conciencia dos dereito de todos , da igualdade de oportunidades, da

solidariedade e da tolerancia.

- Educación para a saúde: valorar os bos hábitos tanto nas comidas, no deporte, na hixiene, na diversión.
- Coeducación: eliminando todo prexuízo sexista
- Educación para a paz: aprender a compartir o espazo e a vivir en común.
- Educación multicultural: coñecemento da maneira de vivir de persoas doutros países, no noso caso, países francófonos, e tamén doutras orixes, a maneira de estar no mundo.
- Educación para o consumo: reflexión para o consumo, evitar o "gaspillage" , a comda rápida, o alcol, o tabaco, as chucherías, as compras compulsivas, o desperdicio de comida...
- Educación para preservar a vida no Planeta: conciencia da necesidade de diminuír a contaminación da terra e da auga, o aire das cidades e dos núcleos industriais, a preservación do patrimonio natural e construído.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- LES BLOGUEURS 5 Livre de l'élève NIVEL B1 Méthode français pour adolescents ÉDITIONS maison des langues /macmillan education
2.LES BLOGUEURS 5 Cahier d'exercices NIVEL B1 Méthode de français pour adolescents. ÉDITIONS maison des langues /maclillan education
3. VIDEOS " comment on dit", "L'actu tout en français", "françaisfacile"...
4. PODCASTS grammaire B1,
5. Apprendre français avec TV5
6. La Chanson en cours de français
7- AUDIOLIVRES: Le petit prince, L'étranger, COLETTE...

Tanto o libro de texto como o Cahier d'exercices parécennos un acerto á hora de decidirmos a elixir un método para o novo 1º BAC LOMLOE.

É un método dinámico e inclusivo con contidos moi próximos da vida cotiá e dos intereses dos adolescentes. Presentados por oito adolescentes francófonos de diferentes países que , de lección en lección , de unidade en unidade, vannos presentando actividades e proxectos motivantes e que despertan o interese do alumnado.

É un método que no formato dixital é 100% interactivo, de xeito que os alumnos teñen acceso a estes contidos no seu propio ordenador na súa casa.

Considermos que é moi completo en canto a actividades abarcando as catro destrezas de comprensión oral e escrita, e de expresión e produción oral e escrita.

Ademais, botamos man da rede para conectarnos a programas e vídeos de TV5 , de l'Actu tout en français, podcasts, audios de exercicios, dictados, lecturas, a música francesa actual e algún intérprete clásico, traballaremos con "chansons à trous" dos intérpretes que máis lles gustan: Maître Gims, Zaz, Stromae, NAPS, Jul, Indila, TRYO, e outros máis clásicos com Brel, Moustaki, Marie Laforêt...Cada unha das cancións vainos servir para traballar un tema sexa gramatical, morfosintáctico, sociocultural ou doutro tipo contextualizado coa propia Unidade que estamos a traballar.

A parte propiamente gramatical é explicada na clase, posteriormente fanse exercicios on line ou do cahier para ver o grao de consecución da aprendizaxe. Para consolidar o aprendido ou para facelo máis visible para os que teñen máis dificultades, seleccionamos algún vídeo dun tema moi concreto para que vexan claramente por exemplo a formación dos diferentes tempos verbais, o emprego dos pronomes EN/Y , O USO CORRECTO DOS PRONOMES COD, COI, os posesivos. etc, etc

Os audiolibros permítennos explicalos previamente en clase para despois eles na casa, continuar un ou varios capítulos , que poñeremos en común

Os podcasts e vídeos para facer pequenos dictados facilitan unha comprensión a distintas velocidades e a posterior corrección por parte do propio alumno.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación lévase a cabo nas primeiras semanas do curso, este ano na primeira semana de outubro 2023, con probas tanto orais como escritas referidas ás catro competencias referidas ó proceso ensino- aprendizaxe dunha lingua estranxeira como é o Francés.

Trátase como unha Unidade 0, onde poden expresar os coñecementos previos, os recursos e estratexias postos en marcha para enfrentarse ás catro destrezas seguintes:

-Comprensión oral: escoita de podcasts, interacción coa profesora, revisión e repaso dentro do nivel A2.2 como paso previo ó nivel B1 que é o que van seguir neste curso.

-Comprensión escrita: textos escritos tipo narracións, descrições ou relatos informativos de temas cercanos ó seu entorno persoal e ós seus intereses

-Produción oral: expresarán oralmente respostas a preguntas sobre o seu entorno educativo, familiar e intereses tanto no ámbito académico como no espazo de lecer ou tamén deportivo.

-Produción escrita: completarán formularios e tests relativos a contidos moi próximos ás súas vivencias no ámbito educativo, familiar e grupal.

En canto á Cultura e Civilización francesas, faise unha breve revisión dentro do entorno da Francophonie: países de Europa onde se fala o francés, as razóns porque o continente africano é onde a lingua francesa está moi presente, en América tanto en Canadá como na Guayana, en Asia así como en illas de Oceanía( la Polynésie française ), recordaremos os TOM ( territoires d'outre mer) e os DOM ( domaines d'outre mer).

Hai que destacar que estes alumnos veñen tendo Francés no mesmo centro e coa mesma profesora desde 1º ESO, co cal a avaliación inicial resulta moi evidente para quen os coñece desde hai cinco cursos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	23	19	22	28	23	25	25	23	<b>24</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	77	81	78	72	77	75	75	77	<b>76</b>

### Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran nesta PD para cada unha das UD.

-A avaliación será contínua e progresiva, así como sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

- Levaranse a cabo probas e tarefas diversas que permitan avaliar o grao de consecución e adquisición dos diferentes obxectivos en cada unha das destrezas avaliábeis

- Entre as probas proporanse:

- probas escritas de comprensión e expresión

- probas orais de comprensión e expresión

-probas de adquisición de léxico

- probas de conxugación

- probas de pronuncia, etc

Entre as tarefas proporase a realización de traballos monográficos, exposición do realizado, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da UD á que pertencen e serán definidos previamente .

As probas e tarefas serán valoradas entre 0 e 20 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da UD segundo as súas particularidades.

A ponderación comunicárase ó alumnado previamente.

Será elaborada unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos.

Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e á trace écrite.

- A cualificación da avaliación ordinaria obtense da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta PD: 20% - 30% - 50% respectivamente.
- A cualificación trimestral obtense da media aritmética das cualificacións das UD traballadas durante cada trimestre.
- A cualificación de cada UD obtense da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada Unidade.

COMPRENSIÓN ORAL. 30%  
 COMPRENSIÓN ESCRITA 30%  
 PRODUCCIÓN E INTERACCIÓN ORAL. 20%  
 PRODUCCIÓN TEXTOS ESCRITOS. 20%

DESGLOSE:

COMPRENSIÓN ORAL: PROBAS 10%  
 ESCOITAS clase 7'5%  
 PARTICIPACIÓN 2'5%  
 PRODUCCIÓN E INTERACCIÓN ORAL: PROBAS 10%  
 PARTICIPACIÓN actividades na clase. 7'5%  
 ACTITUDE E INTERESE. 2'5%  
 COMPRENSIÓN ESCRITA: PROBAS 22'5%  
 LECTURA E TRABALLOS. 5%  
 ACTITUDE E INTERESE 2'5%  
 PRODUCCIÓN ESCRITA PROBAS 20%  
 TRABALLOS E REDACCIÓNS. 10%

### Cráterios de recuperación:

PESOS DA MATERIA

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	UD 1.	UD 2.	UD 3.	UD 4.	UD 5.	UD 6.	TOTAL
PESOS DAS UD (%)	10	10	15	15	25	25	100
PROBA ESCRITA	35	35	35	35	35	35.	35
TÁBOA de INDICADORES	65	65	65	65	65	65.	65

a) Dado que os contidos son progresivos , a valoración das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso

b) Aplicaranse medidas de reforzo cando o progreso do alumnado non é o axeitado, tratando de garantir os obxectivos mínimos

c) Rematada a 3ª avaliación , se non se obtén 5 sobre 10 na avaliación ordinaria, deberá realizar as probas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas.

d) Realizadas as probas e tarefas anteriormente citadas , observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ó longo do curso e as da avaliación ordinaria , para calcular a cualificación nesta avaliación.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:

- Os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para a outra. Tendo esto en conta, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso.

-Aplicaranse medidas de reforzo cando o progreso do alumnado non sexa o esperado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- Rematada a 3ª AVALIACIÓN, o alumnado que non acadase 5 sobre 10 na avaliación ordinaria, deberá realizar as probas / tarefas das destrezas nas que non chegou ó grao mínimo de consecución.

- Realizadas as probas e tarefas propostas observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ó longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

#### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non se esixe acreditación dos coñecementos necesarios de Francés para cursar 1º BAC.

Pero sí se terá en conta se non cursou algún dos anos da ESO. Neste caso faríase unha proba de nivel acorde co curso que pretende facer para ver se cumpre os mínimos esixibles para cursar 1º BAC.

Tras a avaliación inicial imos tendo coñecemento da diversidade que poida darse entre o alumnado e, a partir destes datos, actuariamos en consecuencia.

#### 6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado, tamén en 1º BAC, pode ser diverso, aínda que en menor medida que na etapa da Ensinanza Obrigatoria. As razóns poden ser varias e individuais: desde o grao de madurez e capacidade à hora de aprender unha lingua estranxeira como é o Francés, e tamén o nivel de coñecementos previos adquiridos( ou non) na etapa ESO. Todo esto ten que ser tido en conta no desenvolvemento de cada unha das Unidades didácticas.

Por eso esta programación didáctica sufrirá, chegado o caso, as modificacións pertinentes para garantir a continuidade na aprendizaxe destes alumnos dentro do grupo.

Propoñemos as seguintes pautas:

- Recoñecer a existencia da diversidade no marco do ensino post- obrigatorio
- Aportar unha ensinanza individualizada e adaptada en casos puntuais e diversos
- Favorecer a cooperación entre o alumnado sen considerar niveis superiores ou inferiores
- Os cambios curriculares serán puntuais e específicos
- As tarefas propostas conlevarán unha estruturación segundo o grao de dificultade para chegar a todos

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Respeto ó Estado de Dereito e ós dereitos e liberdades fundamentais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Desenvolvemento das competencias persoais e as habilidades sociais para o exercicio da participación, desde os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, igualdade, o pluralismos e a democracia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación na convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, as emocións, a imaxe corporal e a autoestima	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Fomento para igualdade entre xéneros, análise das causas e busca de solucións fronte ás desigualdades por razón de xénero, o respecto á orientación sexual, o rexeitamento de de actitudes sexistas e o s estereotipos de xénero, a prevención da violencia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento dos principios d igualdade de oportunidades e non discriminación	X	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Traballaremos fomentando e recoñecendo a diversidade e a convivencia intercultural

Recoñeceremos as diferentes sociedades, civilizacións e culturas

Fomentaremos o rexeitamento do racismo, da xenofobia e calquera forma de violencia intercultural

Parécenos moi adecuado utilizar o marco da FRANCOPHONIE para traballar todos estes valores dentro dun mundo tan diverso e rico culturalmente onde o Francés é a lingua de comunicación

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. CINE en francés	Asistencia á proxección nos cines NUMAX de Santiago a un film recente en francés		X	
2. TEATRO en francés	Asistencia a algunha obra de teatro adaptada en francés		X	

#### Observacións:

O curso anterior a Consellería favoreceu ó noso Departamento cunha dotación económica asignada ó PROGRAMA CUALE que empregamos de xeito moi satisfactorio en asistir a unha peza de teatro, a unha proxección dun filme e permitiunos taer ó noso centro a un contacontos senegalés ( un griot) que espertou o entusiasmo de case todo o alumnado de francés , dos que por razóns de protocolo COVID tivemos que prescindir nos curos máis baixos ( os 1ºs ESO)

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1-Adecuación de Obxectivos, Contidos e Criterios de avaliación conforme ás características e necesidades do alumnado
2- Nivel de aprendizaxe logrado



3- Aproveitamento dos recursos e medios dispoñibles tanto do Departamento como do Centro, tanto medios físicos como dixitais
4- Grao de desenvolvemento da Programación Didáctica, incluídas as modificacións que fosen necesarias
5- Medidas de atención á diversidade
6- Procedementos de avaliación

#### **Descrición:**

Cada un destes indicadores de logro teñen que estar presentes desde o principio mesmo do proceso ensino-aprendizaxe.

Canto máis seguidos sexan todo ó longo do proceso, antes serán detectados os posibles puntos onde sexa necesario un reaxuste á hora de levar a cabo a práctica docente e o desenvolvemento da nosa PD.

Canto máis de cerca sigamos o cumprimento destes indicadores, antes poderemos aplicar as medidas de atención á diversidade e antes poderemos modificar os puntos necesarios da nosa programación.

Os medios de observación para avaliar o proceso do ensino están presentes en cada unha das sesións de clase, en cada unha das probas orais e escritas ó longo de cada unha das avaliacións, en cada un dos traballos e proxectos nos que participa o alumnado, no grao de implicación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, no seu interese en aprender .

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para levar a cabo os procedementos de seguimento contamos coa observación da actuación do alumnado no día a día en cada unha das sesións de clase, tendo en conta que contamos con 4 sesións semanais , o cal indica que este é un procedemento moi valioso, observable e medible desde o primeiro momento do proceso ensino-aprendizaxe.

A isto podemos engadir que un número reducido de alumnos , 5 neste curso, contribúe en grande medida a levar a cabo este seguimento como un dos máis importantes á hora de observar, verificar, medir e poñer en práctica as medidas tendentes a mellorar cada un dos casos onde observemos a necesidade de modificar o que consideremos posible para mellorar todo o proceso en algunha, ou en todas , as competencias.

O número de probas avaliáveis ó longo do curso é constante e abarca as destrezas necesarias relativas ós puntos clave como son a comprensión, a expresión, a produción e a motivación e implicación no proceso do ensino.

### **9. Outros apartados**